

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 8 DE MARZO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Asociación PuntoGal, para o impulso do dominio ".gal", por importe de douscentos trece mil euros (213.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación CETMAR), para a execución do proxecto de apoio ao reforzo da extensión pesqueira e acuícola en Perú, por importe de cento sesenta e seis mil douscentos oito euros (166.208,00 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial para a mellora e ampliación das infraestruturas básicas de saneamento dos núcleos de San Cosme, San Pedro, San Miguel e Reinante no concello de Barreiros.
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial para a mellora e ampliación das infraestruturas básicas de abastecemento dos núcleos de San Cosme, San Pedro, San Miguel e Reinante no concello de Barreiros.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o Igape a establecer condicións especiais de subsidiariedade e a superar o prazo de vixencia máximo na concesión dun aval por importe máximo de tres millóns de euros (3.000.000,00 euros) a Mecanizados Rodríguez Fernández, S.L. Expediente AV/0827.

- Acordo polo que se autoriza o Igape a establecer condicións especiais de subsidiariedade e a eximir a solicitante da achega de garantías reais na concesión de avais por importe máximo conxunto de dous millóns catrocentos setenta mil euros (2.470.000,00 euros) a Castelo Soluciones Estructurales, S.L.L. Expediente nº. AV/0815.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a Instrución conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa pola que se regula o procedemento para a elaboración dos contratos de xestión ou contratos-programa e a composición das comisión de control e seguimento de tales contratos.
- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública dos Premios Coopera Galicia Entidades Locais para distinguir as iniciativas de fomento do asociacionismo municipal mediante proxectos piloto de xestión compartida de servizos por parte de agrupacións de concellos, mancomunidades e consorcios locais.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a situación dos pagamentos da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre a afectación da seca en Galicia.
- Informe sobre a Orde pola que se crea o Comité Técnico da Acuicultura e se establece a súa composición, organización e funcionamento.

A XUNTA SUFRAGARÁ OS CUSTOS DA OBTENCIÓN DO DOMINIO PUNTO GAL NA INTERNET

- *A través dun convenio coa Asociación PuntoGal achegará o importe da matrícula para presentar a candidatura e o aval exigido para xestionar o dominio durante tres anos*
- *O obxectivo é establecer un dominio na internet para a comunidade cultural e lingüística galega, baixo o que poderán rexistrarse aquelas entidades, empresas ou persoas que se expresen en lingua galega e contribúan ao fomento da nosa cultura*
- *O ICANN, o organismo competente que aproba a candidatura, prevé informar da concesión do dominio a finais de ano*

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, achegará 213.000 euros á Asociación PuntoGal, a entidade encargada de promover a candidatura, para financiar os custos da obtención do dominio “.gal” na internet.

A maior parte deste importe, 145.000 euros, corresponden á matrícula que exige o organismo competente, a Internet Corporation for Assigned Names and Numbers (ICANN), para poder presentar a candidatura. Un proceso que se ten que completar antes do 13 de abril. Ademais, o ICANN exige tamén a constitución dun aval para garantir a xestión do dominio durante polo menos 3 anos. Neste caso o aval elévase a 44.000 euros.

O resto do importe establecido no convenio abrangue a contratación dun servizo de apoio de carácter administrativo así como a participación de PuntoGal nos actividades que o ICANN e outras entidades vinculadas ao regulamento da rede realizarán este ano, incluíndo o material informativo e promocional preciso para a participación de PuntoGal nestes eventos.

A Xunta, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, vén financiando desde 2007, a través de diferentes convenios de colaboración, as actividades da Asociación PuntoGal para impulsar o dominio “.gal” na internet.

Asociación PuntoGal

A Asociación PuntoGal, constituída co obxectivo de conseguir a creación do dominio “.gal” na internet, vén realizando nos últimos anos todos os trámites precisos para acadar este obxectivo ante o organismo competente, a Internet Corporation for Assigned Names and Numbers (ICANN). O obxectivo de PuntoGal é establecer un dominio na internet para a comunidade cultural e lingüística galega, o “.gal”, baixo o

que poderán rexistrarse aquelas entidades, empresas ou persoas que se expresen en lingua galega e contribúan ao fomento da nosa cultura.

Apoios

En total son 109 as entidades adheridas a PuntoGal, incluídas as principais institucións culturais (Real Academia Galega, Consello da Cultura, etc.) e educativas (Universidade de Santiago, Universidade de Vigo, Universidade da Coruña, etc), xunto con mais de 20 centros de emigrantes noutras comunidades autónomas e noutros países como Portugal, Francia, Suiza, Alemaña, Bélxica, Arxentina, Estados Unidos, Uruguai e Brasil.

A XUNTA E O CETMAR COLABORARÁN NUN PROXECTO PESQUEIRO E ACUÍCOLA NO PERÚ

- ***A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE achegará ao CETMAR preto de 170.000 euros para mellorar a situación da pesca artesanal no país andino***
- ***O proxecto mellorará a comercialización dos produtos procedentes da pesca artesanal en sete rexións peruanas e reforzará as actividades de extensión acuícola a través da dotación de equipamento***
- ***O II Plan Director da Cooperación Galega establece que pola súa experiencia Galicia pode achegar máis valor engadido a proxectos de desenvolvemento pesqueiro e acuícola; ao tempo que considera a Perú como país prioritario de intervención***

O Consello da Xunta autorizou hoxe na súa xuntanza semanal a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación CETMAR), para a execución dun proxecto de apoio ao reforzo da extensión pesqueira e acuícola en Perú.

Os obxectivos estratéxicos deste proxecto son mellorar a comercialización dos produtos procedentes da pesca artesanal en sete rexións do país andino e reforzar as actividades de extensión acuícola a través da dotación de equipamento. Para este fin, a Xunta, a través da súa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, achegará preto de 170.000 euros. O proxecto será executado polo CETMAR, en colaboración coas direccións xerais de Pesca Artesanal e de Acuicultura do Goberno peruano.

Concretamente, o proxecto ten previsto realizar actividades para fortalecer as organizacións sociais de pescadores artesanais (OSPA's) en relación á comercialización de peixe, como obradoiros de traballo con extensionistas, sesións informativas, asesoramento para a creación de comisións de comercialización e actividades de seguimento e divulgación.

Ademais, realizaranse obradoiros cos pescadores para mellorar a calidade do peixe en primeira venda e proxectos de comercialización e asesoramento en creación de pemes para conseguir que os mercados valoren a mellora da calidade e paguen máis polo produto.

Coa sinatura deste convenio, a Xunta volve dar cumprimento aos compromisos do II Plan Director da Cooperación Galega, que establece como un dos seus obxectivos específicos o de fomentar proxectos de desenvolvemento pesqueiro e acuícola de base social e ambientalmente sustentable, e considera Perú como país prioritario de intervención.

Así mesmo, o Plan Anual 2012, aprobado polo Consello da Xunta en xaneiro deste ano, sinala a necesidade de potenciar a coordinación de actuacións entre os distintos

departamentos da Xunta e recolle a importancia e o valor engadido da cooperación galega no sector pesqueiro e acuícola.

Neste sentido, dada a experiencia e capacidades que a Xunta de Galicia ten acumuladas no ámbito pesqueiro e acuícola, considérase este sector como aquel en que a Xunta pode achegar un maior valor engadido nas súas intervencións en materia de cooperación exterior; tal e como se ven poñendo de manifesto en países como Perú onde existe xa un importante traballo de acompañamento e apoio ás administracións e institucións pesqueiras e acuícolas.

Pola súa banda, a Fundación CETMAR ten como obxecto fundacional nos seus estatutos o fomento e a execución de todas aquelas accións necesarias para a conservación e o aproveitamento responsable do medio mariño e dos seus recursos, incluíndo as actividades de formación, investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

AS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE BARREIROS LICITARANSE NOS VINDEIROS MESES, LOGO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DOS PROXECTOS SECTORIAIS NO CONSELLO DA XUNTA

- *Son os dous primeiros proxectos sectoriais que se tramitan logo da aprobación definitiva do Plan sectorial para a mellora e ampliación das infraestruturas básicas de saneamento, abastecemento e rede viaria neste concello lucense*
- *Nestes momentos estase a tramitar o proxecto sectorial de infraestrutura viaria*
- *O Goberno galego suspendeu en 2007 a vixencia das Normas subsidiarias de Barreiros e aprobou unha ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor dun novo planeamento plenamente acomodado á actual lexislación*
- *En abril de 2010 asinouse un convenio de colaboración interadministrativa entre a Consellería de Medio Ambiente, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para colaborar activamente na superación do escenario de incerteza*
- *Para afrontar as infraestruturas obxecto do convenio comprometeuse un investimento de 14,1 millóns de euros, dos cales o concello asumirá arredor do 50%, a Deputación de Lugo cerca dun 10% e a Xunta achegará o 40% restante*

O consello da Xunta aprobou definitivamente na súa reunión de hoxe os proxectos sectoriais para a mellora e ampliación das infraestruturas básicas de abastecemento e saneamento no concello de Barreiros. Trátase dos dous primeiros proxectos sectoriais que se tramitan logo da aprobación definitiva polo Consello da Xunta, en maio do ano pasado, do Plan sectorial para a mellora e ampliación das infraestruturas básicas de saneamento, abastecemento e rede viaria, neste concello lucense.

A aprobación definitiva dos proxectos sectoriais permitirá a súa licitación, que se prevé nos vindeiros meses, e a súa posterior execución. Polo que se refire ao terceiro proxecto sectorial, o referido a infraestrutura viaria, estase a tramitar nestes momentos.

As principais actuacións que se prevén no proxecto sectorial para a mellora e ampliación do saneamento tendentes a garantir o servizo no municipio, tendo en conta o crecemento urbanístico previsto, son:

- Construción dunha nova EDAR en San Cosme, respectando e ampliando a súa implantación actual.
- Mantemento da EDAR de San Bartolo.
- Construción dunha nova EDAR en San Miguel, con capacidade para o tratamento das augas residuais das parroquias de San Pedro, San Miguel e Reinante.

- Execución dun bombeo en Sarxende.
- Execución dun bombeo en Reinante.

Con respecto ao abastecemento, o proxecto sectorial contempla:

- Construción dunha nova ETAP en Rexa II.
- Construción dun novo depósito de cabeceira de rede de abastecemento.
- Construción dunha liña de adución desde a ETAP ata o depósito da Barranca.
- Renovación da captación Pena da Balsa.

Antecedentes

A insuficiencia nas redes de saneamento e depuración de augas residuais na rede de abastecemento de auga potable ou na potencia na subministración de enerxía eléctrica determinaron que o Consello da Xunta de Galicia, por Decreto 15/2007, do 1 de febreiro, suspendese a vixencia das Normas subsidiarias de Barreiros e aprobase unha ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor dun novo planeamento plenamente acomodado á actual lexislación.

Co obxectivo de acadar unha saída a esta situación, en abril de 2010 asinou un convenio de colaboración interadministrativa entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para colaborar activamente e de forma conxunta na superación do escenario de incerteza observado no concello de Barreiros, desde o máis estrito respecto á legalidade vixente, o desenvolvemento sustentable do territorio e a cohesión social da poboación nos catro núcleos urbanos delimitados neste concello: San Cosme, San Pedro, San Miguel de Reinante e Reinante.

Para afrontar as infraestruturas obxecto do convenio comprometeuse un investimento de 14,1 millóns de euros, dos cales o concello se fará cargo de algo máis do 50% (cantidade que será achegada na súa totalidade polos promotores), a Deputación Provincial de Lugo participará con cerca dun 10% e a Xunta achegará o 40% restante.

Con este convenio procederase á urbanización, abastecemento, saneamento e rede viaria dos núcleos urbanos de San Cosme, San Pedro, San Miguel de Reinante e Reinante. Unha vez aprobado definitivamente, o plan sectorial permite a tramitación, por parte do Concello de Barreiros, dos proxectos sectoriais que o desenvolverán.

Colaboración cos concellos

A Xunta de Galicia é consciente de que a realidade de Barreiros foi unha situación con que se atopou o actual Goberno, pero da que xa era coñecedora o Goberno anterior, que iniciou os primeiros pasos coa elaboración dun convenio que ía na mesma dirección que o que promoveu este Goberno.

O Goberno galego seguirá a colaborar cos concellos na resolución das súas necesidades e problemas máis urxentes, sempre dentro da legalidade e do respecto á normativa que en cada momento sexa de aplicación.

A situación do Concello de Barreiros non é única. A Xunta de Galicia colabora con concellos de toda Galicia para achegar solucións e proporcionarlles aos veciños os servizos básicos para o desenvolvemento da súa vida diaria.

A XUNTA APOIA A VIABILIDADE DE MECANIZADOS RODRÍGUEZ E O MANTEMENTO DE 57 POSTOS DE TRABALLO EN OURENSE

- ***O Consello da Xunta autoriza un aval por 3 millóns de euros, para facer posible a continuidade da empresa***
- ***O aval permite cancelar outra operación anterior, polo mesmo importe, e refinciar a longo prazo os pasivos desta empresa***
- ***Deste xeito modifícanse as condicións do anterior aval, ampliando en 3 anos a vixencia do aval de cara a mellorar as posibilidades de financiamento da empresa***
- ***Esta operación pon de manifesto o compromiso do Goberno galego co plan de viabilidade proposto pola administración concursal, que tamén require do compromiso das entidades financeiras e da empresa***

A Xunta facilita a continuidade de Mecanizados Rodríguez Fernández (MRF) e o mantemento dos 57 postos de traballo que xera en Ourense. Para facer posible o desenvolvemento do plan de viabilidade da empresa, o Consello da Xunta vén de autorizar á concesión dun novo aval a esta empresa por 3 millóns de euros. Deste xeito, cancélase a operación anterior, polo mesmo importe, e faise posible a ampliación en 3 anos a vixencia do aval, co obxectivo de mellorar as posibilidades de financiamento da empresa coas entidades de crédito.

Este aval permitirá o refinanciamento a longo prazo dos pasivos da firma. A operación está destinada a facilitar, deste xeito, a viabilidade futura da empresa, en concurso de acredores, e o mantemento do emprego. A operación, que conta co visto e prace da administración concursal, permitirá que as entidades financeiras acreedoras poidan adherirse ao concurso de acredores, facendo posible que a empresa supere a situación actual.

Coa autorización do Consello da Xuntaponse de manifesto o compromiso do Goberno galego co plan de viabilidade proposto pola administración concursal, plan que require tamén o compromiso das entidades financeiras e da empresa para acadar o obxectivo prioritario de mantemento da actividade e do emprego nesta empresa con instalacións no Pereiro de Aguiar e Gustei (Ourense).

A XUNTA APOIA O COMPROMISO DOS 163 TRABALLADORES DE CASTELO COMO NOVOS PROPIETARIOS DA EMPRESA PARA MANTER O EMPREGO E MELLORAR A COMPETITIVIDADE

- ***Economía e Industria suma apoios de 4,5 millóns de euros a prol da continuidade da empresa***
- ***O Consello da Xunta autoriza a concesión de avais do Igape por 2,5 millóns que facilita o acceso a un financiamento de máis de 4 millóns para garantir a viabilidade da empresa***
- ***Os resultados obtidos en 2011 confirman a viabilidade do plan deseñado polos traballadores, que superaron a facturación estimada para o exercicio***
- ***A Xunta continúa a impulsar á reactivación do tecido industrial galego, a través de proxectos centrados na mellora da competitividade e no mantemento dos postos de traballo***

O Goberno galego apoia o compromiso dos 163 traballadores de Castelo Solucións Estruturais, S.L.L. como os novos propietarios deste proxecto empresarial, que ten como prioridades o mantemento do emprego e a mellora da competitividade. Para facer posible o desenvolvemento deste proxecto, o Consello da Xunta de Galicia autorizou a concesión de avais, por medio do Igape, por un importe conxunto de 2,5 millóns de euros que, sumados ao préstamo participativo de 2 millóns de euros, xa aprobado por XesGalicia, acadan uns apoios da Consellería de Economía e Industria de 4,5 millóns.

Estas achegas permitirán aos novos propietarios de Castelo acceder a un financiamento de máis de 4 millóns de euros para facer posible a consolidación do emprego, a viabilidade e a continuidade da actividade nesta empresa dedicada á elaboración de prefabricados para a construción. Deste xeito, a Xunta continúa a prestar un apoio decidido á reactivación do tecido industrial galego, a través de proxectos centrados na mellora da competitividade e o compromiso co mantemento dos postos de traballo.

Cómpre salientar o apoio da Xunta aos traballadores do Grupo Castelo que, como solución para conservar os seus empregos, optaron pola constitución dunha nova empresa de base social e crearon esta sociedade laboral limitada no 2011, presentando unha oferta pola compra das instalacións produtivas do grupo no Porriño, Coirós e Ocaña, e achegando ao proxecto as indemnizacións que ían percibir pola extinción dos seus postos de traballo.

O esforzo da Xunta e mais dos novos propietarios estase a traducir nuns resultados que avalan a solvencia da empresa, xa que antes do peche do exercicio 2011 a compañía conseguiu acadar unha facturación de 5,8 millóns de euros, superando así a facturación estimada no plan de negocio inicial para o exercicio.

A XUNTA PON EN MARCHA UN NOVO MODELO DE CONTRATOS-PROGRAMA QUE OBRIGARÁ AS ENTIDADES A ACREDITAR PERIODICAMENTE O SEU GRAO DE CUMPRIMENTO

- ***Esta nova medida complementa o Plan de Racionalización da Administración Paralela***
- ***Aposta por unha maior concreción dos obxectivos, con medicións periódicas e cun seguimento do grao de cumprimento***

O Consello da Xunta aprobou o procedemento a seguir na elaboración dos contratos programa cun incremento do control de xestión, onde se teñen que concretar obxectivos, indicadores que faciliten a súa medición periódica, cun seguimento do grao de cumprimento do contrato.

A prioridade será a implantación dos contratos nas axencias públicas autonómicas, tal e como exige a Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público de Galicia (Lofaxga).

Dentro do actual contexto económico e cos obxectivos de estabilidade orzamentarias asumidos polo goberno galego, este aposta por adoptar medidas que garantan a eficiencia das súas estruturas administrativas e o seu funcionamento. O modelo tradicional no que as entidades descentralizadas piden fondos sobre a bases dunhas funcións xa asignadas, e posteriormente xustifican os resultados, nestes momentos resulta insuficiente e pouco comprometido para o goberno galego.

Polo tanto, o Goberno galego aposta por un modelo alternativo de xestión dos entes públicos, nos cales se concreten os obxectivos a alcanzar, se definan indicadores para a súa medición periódica, e se efectúe un seguimento do grao de cumprimento con exixencias de responsabilidade.

Neste novo modelo de xestión incorpóranse mecanismos de seguimento e avaliación moito mais rigorosos, cunha comisión de control e seguimento que ten coma función principal efectuar o seguimento do cumprimento do contrato programa.

A elaboración dos contratos programa será encomendada a un equipo de traballo, que será o encargado de elaborar o plan de actuación, que será finalmente aprobado polo Consello da Xunta. O equipo de traballo estará formado por representantes da entidade interesada, da consellería á cal se adscribe o contrato, e por representantes das consellerías de Presidencia e Facenda.

Os contratos programa establecerán compromisos con respecto á orientación estratéxica e os resultados a alcanzar; os mecanismos polos cales se fará o seguimento e control da actividade, o marco dos recursos dispoñibles e as relacións que se manterán entre as partes, e a súa duración deberá ser plurianual.

A XUNTA PREMIARÁ AS MELLORES INICIATIVAS DAS ENTIDADES LOCAIS PARA XESTIONAR CONXUNTAMENTE SERVIZOS

- ***O Consello aprobou a orde que regula as bases e a convocatoria dos 'Premios Coopera Galicia Entidades Locais', que distingue o fomento do asociacionismo municipal***

A Xunta premiará con 100.000 euros os mellores proxectos piloto de xestión compartida de servizos por parte de agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e áreas metropolitanas. Así o recolle a orde que regula as bases e a convocatoria pública dos 'Premios Coopera Galicia Entidades Locais' do 2012, que hoxe mesmo aprobou o Consello da Xunta de Galicia.

Os premios convócanse en réxime de concorrencia competitiva e queren distinguir as entidades locais que opten por este tipo de iniciativas de fomento do asociacionismo municipal. Con este obxectivo establécense tres categorías de premios, con 50.000, 30.000 e 20.000 euros, respectivamente. Ademais, tamén se recolle a posibilidade dunha mención especial sen dotación económica.

Os concellos interesados en participar deberán achegar ao Goberno galego o seu proxecto de xestión compartida de servizos, indicando os servizos que se pretende mancomunar, datos demográficos da área de implantación, estudo comparativo de custos con especial incidencia na aplicación de criterios de eficacia e eficiencia, obxectivos, procedemento de xestión, cronograma e carácter innovador do proxecto.

Ademais, os participantes deberán presentar tamén a documentación acreditativa da remisión das contas do exercicio orzamentario 2010 ao Consello de Contas, declaración de axudas, declaración de non estar incurso en prohibición de ser beneficiario de subvencións, entre outros documentos.

Valoración dos proxectos

O premio será outorgado por proposta dun xurado, que terá a consideración de comisión de valoración, e que estará presidido polo director xeral de Administración Local e vipresidido polo presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Así mesmo, tamén formarán parte desta comisión, en calidade de vogais, un representante das deputacións provinciais e dous alcaldes, designados pola Fegamp; e dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito da Administración local, designadas pola Dirección Xeral de Administración Local. O subdirector xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais actuará en calidade de secretario.

Para a concesión dos premios, os membros do xurado terá en conta o número de servizos e poboación atendida (ata 20 puntos); a situación demográfica do ámbito territorial (ata 30 puntos); as intervencións que supoñan unha maior eficacia e eficiencia

na prestación dos servizos, valoradas sobre os datos do estudo económico comparativo dos custos da prestación individual, os custos estimados da prestación compartida, ou a cuantificación do aforro de custos (ata 30 puntos); a duración do proceso de implantación (ata 10 puntos) e o carácter innovador do proxecto de xestión (ata 10 puntos).

A obtención dalgún dos premios obriga ao seu beneficiario a remitirle á Xunta antes do 1 de novembro a certificación do inicio da execución do proxecto premiado e a ter rematada a súa implantación antes do 30 de setembro de 2013. Ademais, a documentación das candidaturas presentadas quedará en poder da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que reservará para si o dereito de edición, uso e explotación dos proxectos premiados.

Presentación de solicitudes e dúbidas

As solicitudes poderán presentarse tanto nos rexistros da Xunta de Galicia -Oficina de Rexistro Único e información e rexistros das delegacións territoriais-, como de forma telemática a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.es/sede-electronica>) ou do portal dos Concellos Eido Local (<http://www.eidolocal.es>). O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses a partir da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Para máis información e resolución de dúbidas os interesados deberán poñerse en contacto coa Dirección Xeral de Administración Local, a través da páxina web da Consellería de Presidencia (<http://cpapx.xunta.es>); os teléfonos 981 546 211 e 881 997 171; no enderezo electrónico administracionlocal@xunta.es; ou, presencialmente, nas dependencias da Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais.

A XUNTA PAGOU O 93% DAS SÚAS OBRIGAS EN 2011 E COMPLETARÁ ESTE MES O QUE RESTA

- *Desta maneira, a partir do primeiro trimestre, o Goberno galego recuperará tempos de pagamento medios de 45 días na Administración Xeral*
- *O Goberno autonómico está a mobilizar recursos por máis de 250 millóns de euros*

Galicia elevou ao 92,9% a porcentaxe de pagamentos das obrigas recoñecidas o pasado exercicio, o que supón case seis puntos máis que a media das comunidades autónomas, segundo un informe da Consellería de Facenda a partir dos datos provisionais do peche do ano 2011 facilitados polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

No que se refire a investimentos reais, a porcentaxe de pagamento en Galicia é mellor que a media en 13,4 puntos. O Executivo autonómico foi capaz de compatibilizar este compromiso cos provedores co control do déficit público, pois foi en 2011 a segunda autonomía con menor porcentaxe de déficit.

Así, Galicia é a comunidade que mellor resultado presenta, combinando a análise do nivel de execución do orzamento, a porcentaxe de pagamentos das obrigas recoñecidas e o nivel de déficit público acadado

Ademais, o Executivo autonómico comprométese a completar ao longo deste mes os pagamentos pendentes co obxectivo de recuperar, a partir do primeiro trimestre deste ano, os tempos medios de pagamentos de 45 días na Administración Xeral, tal e como se comprometeu ao inicio da lexislatura. Para iso, o Goberno galego está mobilizando recursos por 250 millóns de euros.

Por outra banda, o texto do departamento autonómico sinala que o pagamento das subvencións efectuarase unha vez que finalice o período de comprobación do cumprimento das obrigas dos beneficiarios.

Ademais, o obxectivo do Sergas é retomar no primeiro cuadrimeste os seus pagos en 90 días.

O informe da Consellería de Facenda subliña que, grazas á política levada a cabo polo Executivo autonómico ao longo desta lexislatura, é hoxe unha comunidade solvente, fiable e que garante os servizos públicos.

O departamento autonómico asegura que a sostibilidade das finanzas da comunidade constitúe un obxectivo irrenunciable deste goberno e que a estabilidade orzamentaria é un instrumento esencial para garantir o mantemento do Estado do Benestar.

A XUNTA PREPARA O PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CONTRA A SECA QUE, DE PERSISTIR A ESCASEZA DE CHOIVAS, ACTIVARÁ NAS VINDEIRAS SEMANAS

- *O obxectivo é poder dar resposta aos problemas que poidan xurdir, especialmente, no sector agrogandeiro e no ámbito do abastecemento debido á falta de choivas que se vén rexistrando nos últimos meses en todo o país*
- *Serán as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e a Consellería do Medio Rural e do Mar as que coordinen este protocolo*
- *A Xunta dedicará especial atención ás explotacións agrogandeiras e, este mesmo mes de marzo, podería adiantar o pago das axudas en curso que o sector ten solicitado*
- *Segundo os datos de Meteogalicia o ano 2011 foi o segundo máis seco dos últimos 50 anos e esta tendencia está continuando durante o primeiro trimestre do ano 2012*

O Consello da Xunta reunido hoxe decidiu preparar o protocolo de actuación contra a seca que será activado nas vindeiras semanas de persistir a escaseza de choivas na nosa comunidade. O Goberno galego propónse traballar con antelación e con prevención ante a actual situación de seca que atravesamos polo que serán as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e a Consellería do Medio Rural e do Mar as que coordinen este protocolo.

O obxectivo é poder dar resposta aos problemas que poidan xurdir, especialmente, no sector agrogandeiro e no ámbito do abastecemento debido á falta de choivas que se vén rexistrando nos últimos meses en todo o país. Para iso, coa activación deste protocolo a Xunta está tentando concretar todas as medidas e as actuacións que poderían ser precisas, traballando, tamén, de xeito coordinado co Ministerio de Agricultura, co que se mantén en contacto permanente.

Entre as primeiras alternativas que a Xunta manexa, figura a inxección de liquidez ás explotacións agrogandeiras, priorizando o adianto dos pagamentos. Así, este mesmo mes de marzo, o Executivo galego podería adiantar o pago das axudas en curso que o sector ten solicitado.

No ámbito do abastecemento, o obxectivo pasa por concienciar á poboación de que estamos ante unha situación delicada que require o compromiso de todos. Aínda que o abastecemento de auga a grandes poboacións galegas está garantido, a Xunta considera preciso facer un chamamento á prevención porque non hai perspectivas de choivas nos próximos días, co que a situación non semella favorable.

A situación climatolóxica actual está producindo un impacto económico e un impacto social en Galicia. Estes últimos meses están sendo extraordinariamente secos, despois dun ano, o ano 2011, extraordinariamente seco. Segundo os datos de Meteogalicia o

ano 2011 foi o segundo máis seco dos últimos 50 anos e esta tendencia, lamentablemente, está continuando durante o primeiro trimestre do ano 2012.

O COMITÉ TÉCNICO DA ACUICULTURA APOIARÁ E ORIENTARÁ A XUNTA NO DESENVOLVEMENTO COHERENTE DESTA ACTIVIDADE EN GALICIA

- ***Entre as funcións que realizará destaca a elaboración de ditames e de protocolos de seguimento e análise da actividade para valorar a súa viabilidade ambiental, económica e social***
- ***A Consellería do Medio Rural e do Mar presentou esta mañá ao Consello da Xunta un informe que dá conta dos traballos que se están a realizar para a creación deste órgano colexiado***

A Consellería do Medio Rural e do Mar presentou esta mañá ao Consello da Xunta un informe que dá conta dos traballos que se están a realizar na elaboración da orde pola que se crea o Comité Técnico da Acuicultura e se establece a súa composición, organización e funcionamento. Este órgano colexiado de consulta e asesoramento contribuirá ao desenvolvemento da acuicultura na nosa comunidade, xa que, a través dos seus informes de análise, as súas propostas e protocolos outorgará á Administración unha maior facilidade na toma de decisións. Ademais, cubrirá unha necesidade latente, xa que este sector non dispón en Galicia dun organismo específico de asesoramento nesta materia.

Entre as funcións que realizará destaca a elaboración de ditames e de protocolos de seguimento e análise da actividade nos eidos ambiental, sanitario, económico e social. Por exemplo, corresponderalle a elaboración dun informe anual sobre a situación e expectativas da acuicultura galega e de informes previos a autorización de novos establecementos de acuicultura ou de cambios nos xa existentes. Tamén se encargará do asesoramento na ordenación da investigación e formación ligada á acuicultura e de orientar aos órganos superiores e directivos da Consellería do Medio Rural e do Mar nos asuntos que se lle propoñan.

O Comité Técnico da Acuicultura estará composto por representantes da Consellería do Medio Rural e do Mar e por expertos de recoñecido prestixio e experiencia procedentes do sector acuícola e das súas entidades representativas e de asesoramento, así como das universidades galegas e organismos científicos relacionados coa acuicultura. Tamén poderá contar de xeito puntual co apoio de especialistas no ámbito da acuicultura.

A creación deste comité constitúe un paso máis para contribuír de xeito decisivo ao desenvolvemento da acuicultura e é un dos órganos de consulta de nova creación que propón a Estratexia Galega de Acuicultura baseándose en experiencias que demostran a grande utilidade de órganos de consulta e asesoramento de semellantes características. O Comité Técnico de Acuicultura entrará en funcionamento o día seguinte ao da publicación da orde de creación no *Diario Oficial de Galicia*.